

Publicidad

CULTURA

A programación do Museo de Pontevedra para este ano converterao en "epicentro cultural do noroeste nacional"

 Pontevedra

04 de febreiro 2025

Actualizado: 11:57



Oskar Viéitez



Mónica Patxot

A directora do Museo, Ángeles Tilve, indicou que esta programación está marcada por dous fitos fundamentais: a Bienal de Pontevedra e o Ano Castelao



Ángeles Tilve e Rafa Domínguez presentaron a programación do Museo para 2025 / Mónica Patxot

Comparte o artigo en:

-  Facebook
-  X
-  LinkedIn
-  WhatsApp
-  Telegram
-  Email



1ª Cita
AHORA GRATIS

Consigue
la figura
y la talla
que deseas



O Museo de Pontevedra presentou a súa programación para este ano 2025 coa que aspira a converterse en "epicentro cultural do noroeste nacional", segundo sinalou o vicepresidente da Deputación de Pontevedra, Rafa Domínguez.

A directora do Museo, Ángeles Tilve, indicou que esta programación está marcada por **dous fitos fundamentais: a Bienal e o Ano Castelao**.

Así, situarase ao Museo no centro da Bienal cunha exposición central que ocupará os edificios Castelao e Sarmiento durante o verán e irradiará a outros espazos da cidade.



 **OFERTA**

OFERTA EN DESAYUNOS

Por outra banda, o Museo achegase a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao á sociedade no seu ano con visitas guiadas, actividades divulgativas, novas publicacións sobre o intelectual galeguista que estará moi presente no seu 75 aniversario.

Outra das claves desta programación é a **investigación e a divulgación de "o máis próximo"**, con Pontevedra como protagonista nun ano para redescubrir a Sociedade Polifónica, a fotografía do século XIX ou artistas pontevedreses como José Ruibal ou Leopoldo Varela.

Na programación tamén destaca a **exposición 'Pinturas negras'**, coa serie de Goya como referencia, na que se explorarán as posibilidades formais e simbólicas do negro.

Neste último caso, serán graduadas e docentes da Facultade de Belas Artes de Pontevedra quen presentarán obras de diferentes disciplinas con esta cor como protagonista.



Ángeles Tilve tamén destacou que neste 2025 continúa o **ciclo 'Infiltracións' na colección do Museo con Marta Pazos e Iria Lombardía**, e que se "afianzan" as colaboracións con outras institucións coas que Pontevedra traballa da man.

Son entidades referentes como o ICOM, o Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, a Escola de Restauración, as universidades e, por suposto, outros museos.



Ángeles Tilve e Rafa Domínguez presentaron a programación do Museo para 2025 **Mónica Patxot**

Por último, o Museo de Pontevedra mantén a súa aposta por transferir o coñecemento á cidadanía con accións como **talleres, cursos ou os seminarios** 'Mulleres, fem

e 'Estudos e reflexións sobre o patrimonio cultural. José María de Labra'.

Tamén foron anunciadas as **xornadas de educación** sobre o papel dos museos ou sobre 'estudos transatlánticos' así como unha nova edición do Encontro de Conservación e Restauración ou diferentes conferencias polo Día das Artes ou a da arte Rupestre, entre outras conmemoracións.

